
Período de validez do Programa: 2022-2026



Escola Universitaria de Enfermería
Meixoeiro - Vigo

Universidade de Vigo

Índice

Presentación.....	3
Participantes.....	4
Antecedentes.....	5
Diagnose da situación do centro e as titulacións.....	6
Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa.....	7

Presentación

A política de calidade do centro deriva da importancia que ten consolidar unha cultura de calidade no ámbito universitario, da súa consideración como un factor determinante para conseguir a satisfacción das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nos que se integran.

Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e coas directrices establecidos. Así establécense as seguintes liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro:

- Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, ás necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveles de calidade nas súas titulacións, sen renunciar ós fundamentos académicos da Universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.

- Alcanzar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos con especial relevancia aqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese

- Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e dos procesos a el vinculados.

- Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do sistema de garantía interna de calidade (SGIC) como de todos os procesos vinculados coa calidade que afectan ao centro e as súas titulacións.

- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.

- Acadar un compromiso permanente de mellora continua como norma de conduta, e propoñer e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento e mellora da calidade.

Eixos estratéxicos	Liña estratéxica
Formación	Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións en consonancia cos fins da Universidade de Vigo .
Persoas	Desenvolver mecanismos que permitan atender ás necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e o centro

Relación coa sociedade	Integrar a contorna tanto a través das institucións e empresas como a nivel social.

Participantes

Victoria Lojo Vicente. Directora

Jacinto Luis Gonzalez Oya. Secretario Académico

Mar Alonso Pérez. Coordinadora de calidade

Concepción Estévez Villar: coordinadora del TFG

Cristina Gómez Cantorna. PAT

Rafael Vázquez Gallardo PAT

Monserrat Coya Gutierrez PAS

Pilar Reza Castiñeiras Directora de enfermería. Área sanitaria de Vigo

Diagnose da situación do centro e as titulacións

Dimensión Interna

Debilidades

Non é Facultade de Enfermería senón centro adscrito á Universidade de Vigo

Fortalezas

Pese a non ser un centro propio da Universidade de Vigo o centro e o título acaden uns resultados óptimos.

Contorna externa

Ameazas

Que as distintas Administracións públicas, con responsabilidades no tema, non consideren o tema de integración na Universidade como prioritario neste 2024

Oportunidades

A ocasión para o avance, a mellora e mesmo a excelencia converterse en Facultade de Enfermería)

*Misión, Visión e Liñas estratéxicas

Misión:

A Escola Universitaria de Enfermería da Área Sanitaria de Vigo conta entre os seus fins primordiais, impartir ensinanzas de calidade encamiñadas á obtención do título oficial de graduada/o en enfermería que acredita para prestar coidados xerais de enfermería. Esta misión divídese en dúas grandes liñas:

- 1.- Formar profesionais competentes para o cuidado no ámbito da enfermería, baseados no respecto aos valores profesionais, aos principios ético-legais e ás evidencias científicas, preparados para o traballo en equipos interdisciplinarios e para ofertar coidados xerais en contornos cambiantes polo que, as/os enfermeiras/os graduados/as deberán ser capaces de adaptarse aos cambios producidos na asistencia sanitaria, dada a evolución continua da saúde e as novas prioridades no campo da mesma.
- 2.- Colaborar no desenvolvemento do coñecemento e a innovación no ámbito do cuidado de enfermería.

Visión:

A Escola Universitaria de Enfermería da Área Sanitaria de Vigo aspira a converterse nunha Escola aberta, integrada totalmente na Universidade de Vigo e recoñecida a nivel social e profesional. Unha organización intelixente que aprende e busca constantemente a oportunidade de mellorar.

Una Escola onde tanto profesionais (docentes e de administración e servizos) como alumnado encontren satisfacción na súa tarefa, nun ambiente de respecto no que se fomente a cooperación interdisciplinar.

Valore:

Os principios que orientan as actuacións da Escola parten da súa definición como Centro Docente Universitario dirixido á formación de profesionais da saúde na disciplina da Enfermería co foco de atención centrado na persoa, cuxos cuidados se levarán a cabo, de forma segura e eficaz. A/o graduada/o en enfermería require unha conciencia profesional que recoñeza a súa autonomía e responsabilidade en todos os aspectos da súa práctica profesional.

A enfermería é a profesión cuxa función e valor social é coidar as persoas, familias e comunidades na saúde e na enfermidade, desde o respecto as súas necesidades e valores.

O coñecemento que sustenta á Graduada/o en enfermería, as súas habilidades e competencias son as recollidas na memoria de Grao.

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
Formación	Promover unha oferta de grao sostible e de calidade contrastada, en consonancia coa demanda da contorna	Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo	Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos mais relevantes manténdoo baixo límites apropiados
Persoas	Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria	Desenvolver mecanismos que permitan atender ás necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e o centro	Mellorar a satisfacción dos grupos de interese